

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
CIFP DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación de módulo

Módulo: FCT

Profesora: María Luz Lorenzo Crespo

Curso: 2018 / 2019

Índice

1	Identificación da programación.....	3
	1.1. Centro educativo.....	3
	1.2. Ciclo formativo.....	3
	1.3. Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)......	3
	1.4. Profesorado responsable.....	3
2	Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.....	3
3	Competencia profesional.....	4
	3.1. Competencia xeral.....	4
	3.2. Competencias profesionais, persoais e sociais.....	4
4	Metodoloxía.....	5
5	Titoría e seguimento.....	5
6	Plan de tarefas.....	6
7	Plan quincenal de visitas ao CIFP.....	6
8	Plan de visitas aos centros de traballo.....	6
9	Contidos.....	7
10	Plan individualizado.....	10
11	Criterios de avaliación.....	11
	11.1. Instrumentos.....	12
	11.2. Criterios de cualificación e promoción.....	12
	11.3. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	12
12	Alumnado.....	13
13	Normas específicas para o alumnado.....	14
14	Póliza de seguro.....	14
15	Posta a disposición do alumnado da documentación precisa.....	14

1 Identificación da programación

1.1. Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014489	CIFP A Xunqueira	Pontevedra	2017 / 2018

1.2. Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CM MAM01	Carpintaría e moble	CM	Ordinario

1.3. Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

1.4. Profesorado responsable

Elaboración	María Luz Lorenzo Crespo
Impartición	Titoría de cada unha das empresas onde se realice a FCT

2 Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo programado denomínase Formación en Centros de Trabajo e está incluído no ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Carpintaría e moble.

A programación didáctica de este módulo forma parte da programación xeral do proxecto curricular de ciclo, que o profesorado do departamento debe elaborar co fin de dar coherencia ás ensinanzas dos módulos do ciclo formativo.

O desenvolvemento curricular deste módulo fíxose tomando referencia as condicións do CIFP A Xunqueira de Pontevedra.

Para o deseño desta programación didáctica tiveronse en conta, fundamentalmente, os seguintes parámetros de contexto:

Alumnado e profesorado

O alumnado proven do segundo curso do ciclo formativo.

O profesorado do departamento de Madeira e Moble, está composto por profesorado de ensino secundario e profesorado técnico, que impartiran ademais os programas de cualificación profesional inicial.

Na área de influencia do CIFP A Xunqueira existen un gran número de empresas do sector da ebanistería, carpintaría e moblaxe.

O alumnado deste ciclo realizan a Formación en Centros de Trabajo (FCT) neste entorno, e na maioría dos casos, comenzarán neste tipo de empresas a súa vida laboral.

3 Competencia profesional

O fin do ciclo formativo é acadar unha competencia profesional que inclúe uns coñecementos, procedementos, capacidades e actitudes. O perfil profesional do título de técnico en carpintaría e moble determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais.

3.1. Competencia xeral

A competencia xeral deste título consiste en fabricar elementos de carpintaría e mobles, realizando os procesos de mecanización, montaxe, acabado, almacenamento e expedición de produtos, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

3.2. Competencias profesionais, persoais e sociais

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Determinar procesos de fabricación interpretando información técnica incluída en planos, normas e catálogos.
- b) Preparar máquinas e equipamentos para a fabricación convencional de elementos de carpintaría e moble aplicando procedementos establecidos.
- c) Preparar e pór a punto máquinas de control numérico (CNC) seguindo as fases do proceso establecido para a fabricación do produto.
- d) Preparar soportes e aplicar mesturas, operando con equipamentos de acabado de carpintaría e moble de acordo coas especificacións definidas.
- e) Montar mobles e elementos de carpintaría, e verificar os conxuntos mediante instrumentos de medida, segundo procedementos definidos.
- f) Seleccionar materiais, accesorios e produtos de entrada e saída en almacén, e abastecerse deles, de acordo coas especificacións establecidas.
- g) Realizar o mantemento de primeiro nivel de máquinas e equipamentos de mecanización, montaxe e acabado, de acordo coa ficha de mantemento.
- h) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos mediante os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e ás tecnoloxías da comunicación e da información.
- i) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no ámbito de traballo.
- j) Resolver con responsabilidade as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.
- k) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- l) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contexto laboral e ambiental.
- m) Aplicar procedementos de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

n) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional.

ñ) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

4 Metodoloxía

A realización da FCT require a estreita colaboración entre o centro educativo e as empresas, formalizada mediante un Convenio entre ambas institucións. Precisa asemade da coordinación entre 2 profesionais: un titor/a no centro educativo e un titor/a no centro de traballo. A función titorial do/a titor/a no centro educativo é heteroxénea nos seus contidos, realizando unha supervisión dende a teoría e cooperando con profesionais especialistas que no centro de traballo coordinan a actividade do alumnado e o orientan na adquisición ou posta en práctica daquelas competencias básicas para exercer unha profesión. Xuntos acordan un programa formativo das actividades a realizar na empresa e fan o seguimento e avaliación de cada un dos alumnos/as. A valoración do progreso do alumnado feita polo titor/a no centro de traballo será determinante á hora de avaliar a FCT, acorde ó Plan Individualizado.

Non implica remuneración do alumnado.

Na xestión do módulo son obrigatorios:

- Os Convenios.
- A Carpeta de seguimento e avaliación, documento individual para cada alumno que inclúe: Ficha de identificación, Plan Individualizado da FCT, Follasemanais para o seguimento das actividades, Folla de dilixencia e peche.
- Dúas pólizas, unha de accidentes e outra de responsabilidade civil, darán cobertura ao alumnado que realiza a FCT.

Nun primeiro momento o alumnado realizará tarefas de observación e colaboración nas actividades que determine o profesor-titor.

Pasado este período, o alumnado irá recollendo as actividades realizadas na súa folla de actividades correspondente.

Seguidamente a profesor-titor propoñerá ao alumnado a preparación dunha proposta de ensinanza para un nivel educativo determinado.

Posteriormente o alumnado levará a cabo as súas propostas de actividades, previamente comentadas e contrastadas coa profesor-titor e a titora de prácticas da empresa.

Para rematar, o profesor titor realizará unha reflexión conxunta cos alumnos/alumnas sobre as incidencias e os resultados das súas prácticas.

5 Titoría e seguimento

O profesor titor das prácticas fará un seguimento do desenvolvemento práctico de cada alumno/alumna, establecendo unha reunión quincenal no centro educativo.

O profesor titor establecerá canles de comunicación (contactos telefónicos, correos electrónicos, etc...) coa persoa designada na empresa que garanta o seguimento e a avaliación do alumnado.

Atendendo ao horario do profesor-titor da FCT e a disponibilidad das empresas, buscarase o momento idóneo para as reunións.

A supervisión deste alumnado por parte do profesor-titor completárase cun seguimento que incluíra dúas visitas, por período, aos centros colaboradores para entrevistarse coa responsable no centro de traballo e para a observación do alumnado das actividades que se están a realizar nese momento.

O/a titor/a da empresa colaborará na avaliación deste módulo, cumprimentando un informe de seguimento individual para cada alumno ao longo da FCT.

É obrigatorio asistir a tódalas reunións no CIFP, considerándose falta a non asistencia, agás causa xustificada.

Durante o período de FCT se o alumnado falta reiteradamente a empresa nun período superior a cinco días, non consecutivos ou consecutivos, (sen causa xustificada como enfermidade, problema familiar, etc...), será motivo suficiente para calificarlle o período de FCT como NON FAVORABLE.

Durante o período de FCT se o alumnado falta a dúas reunións consecutivas ou ben a tres do total, (sen causa xustificada como enfermidade, problema familiar, etc...), será motivo suficiente para calificarlle o período de FCT como NON FAVORABLE.

6 Plan de tarefas

1º trimestre, 2º trimestre e 3º trimestre

Buscar e establecer o primeiro contacto con posibles centros de traballo, empresas de ebanistería, carpintería e mobles.

Enquisa intereses alumnado sobre preferencias á hora de realizar a FCT.

Distribución e asignación do alumnado aos centros.

Elaboración de convenios e establecemento do 1º contacto co centro de referencia.

Elaboración da carpeta de seguimento e avaliación (documento individual para cada alumno/a).

Seguimentos quincenais presenciais no centro educativo.

Realización de visitas de seguimento aos centros.

Avaliación do módulo.

Elaboración e entrega de memoria.

7 Plan quincenal de visitas ao CIFP

Establecese o seguinte plan quincenal de visitas o CIFP por parte do alumnado:

09 de outubro de 2018 ás 12:00 h.

23 de outubro de 2018 ás 12:00 h.

06 de novembro de 2018 ás 12:00 h.

20 de novembro de 2018 ás 12:00 h.

11 de decembro 2018 ás 12:00 h.

8 Plan de visitas aos centros de traballo

PA primeira visita realizase na segunda semana de setembro, para a firma dos convenios e presentación do alumnado nas empresas. As seguintes para a finais dos meses de outubro e novembro, e a última ao remate da FCT, para a avaliación e antes da avaliación final do ciclo, sempre contado coa dispoñibilidade da empresa e os titores/as da empresa.



9 Contidos

CONTIDOS	ACTIVIDADES PRODUCTIVO – FORMATIVAS	AREA OU DEPARTAMENTO DO CENTRO DE TRABAJO	TEMPO
<p>Identificación da estrutura e organización empresarial:</p> <p>Estrutura e organización empresarial do sector da carpintaría e moble.</p> <p>Actividade da empresa e a súa ubicación no sector da carpintaría e moble.</p> <p>Organigrama da empresa. Relación funcional entre departamentos.</p> <p>Organigrama logístico da empresa. Proveedores, clientes e canais de comercialización.</p> <p>Procedementos de traballo no ámbito da empresa. Sistemas e métodos de traballo.</p> <p>Recursos humanos na empresa: requisitos de formación e de competencias profesionais, persoais e sociais asociadas aos diferentes postos de traballo.</p> <p>Sistema de calidade establecido no centro de traballo.</p> <p>Sistema de seguridade establecido no centro de traballo.</p>	<p>Comprender a estrutura da empresa e a súa actividade produtiva.</p> <p>Analizar o sistema de calidade da empresa.</p> <p>Analizar o sistema de seguridade do centro de traballo e a súa aplicación nas tarefas.</p>	<p>Centro de traballo</p> <p>Departamentos do centro de traballo.</p>	5 h.
<p>Aplicación de hábitos éticos e laborais:</p> <p>Actitudes persoais: empatía, puntualidade.</p> <p>Actitudes profesionais: orde, limpeza, responsabilidade e seguridade.</p>	<p>Puntualidade, interese por aprender e polo que fai, actitude positiva e cooperativa fronte ó traballo e os compañeiros, etc.</p>	<p>Calquera lugar onde o alumnado desenvolva as súas actividades.</p>	<p>Durante toda a FCT</p>



<p>Actitude ante a prevención de riscos laborais e ambientais.</p> <p>Xerarquía na empresa.</p> <p>Comunicación co equipo de traballo.</p> <p>Documentación das actividades profesionis: métodos de clasificación, codificación, renovación e eliminación.</p> <p>Reconocemento e aplicación das normas internas, instruccións de traballo, procedementos normalizados de traballo e outros, da empresa.</p>	<p>Elaborar bosquexos ou propostas que respondan os requirimentos do cliente.</p>	<p>Oficina de proxectos ou no propio taller</p>	
<p>Realización de operacións de recepción, almacenamento e expedición:</p> <p>Documentación para a xestión de existencias.</p> <p>Inspección de materiais e materias primas para a fabricación.</p> <p>Medición. Criterios de medición.</p> <p>Clasificación de materiais e produtos. Normas internas da empresa. Cumplimento de instruccións de seguridade, caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade e humidade.</p> <p>Expedición de mercancías. Carga e colocación de produtos. Normas de seguridade.</p>	<p>Xestionar a recepción de materias primas, así como a súa documentación.</p> <p>Realizar as tarefas segundo as normas de seguridade.</p> <p>Altas e baixas tanto de partidas de madeiras coma de taboleiros, ferraxes, etc, estando ao tanto do sistema operativo utilizado na empresa.</p>	<p>Almacén</p>	<p>15 h.</p>
<p>Elaboración de documentación técnica para a fabricación:</p> <p>Interpretación das instruccións de traballo.</p> <p>Organización de procedementos de traballo. Recopilación de datos.</p> <p>Documentación do proceso.</p> <p>Equipamentos e materiais</p>	<p>Realizar os planos de carpintería e mobiliario necesarios a escala, definido vistas, seccións, detalles.</p> <p>Elaborar listas de despieces para a construción dos conxuntos.</p> <p>Elaborar memorias e presupostos.</p>	<p>Oficina de proxectos e/ou taller</p>	<p>40 h.</p>



necesarios.			
Fases do proceso.			
Calculo de parámetros e selección de ferramentas e útiles.			
Estimación de costes.			
Preparación de máquinas e equipos:	Colocación de follas de serra, ben sexa na propia máquina ou na afiadora, colocación de discos de serra circular, brocas, fresas, e útiles das diferentes máquinas, procedendo ao seu axuste e comprobación de parámetros.	Taller	50 h
Preparación de ferramentas e útiles.			
Instruccions e procedementos para realizar o mantemento dos equipos e servizos auxiliares.			
Montaxe de ferramentas e útiles.			
Elaboración de programas de CNC en diferentes procesos.			
Carga e axuste de programas de máquinas.			
Comprobación de traxectorias e sincronismo de movementos en sistemas automatizados.			
Prevención de riscos e protección ambiental das fases de preparación.			
Realización de operacións de mecanizado:	Realizar a medición, trazado e marcaxe das diferentes pezas para a súa posterior mecanización: caixas, espigas, rebaixes, etc, de acordo sempre cos símbolos normalizados.	Taller	180 h
Mecanizado manual en diferentes procesos e contextos.			
Adaptación de programas de CNC en diferentes procesos e contextos.			
Operacións de verificación das características de pezas mecanizadas.	Mecanizado e obtención de pezas segundo listas de despece, do xeito máis lóxico, económico e seguro.		
Operacións de verificación de dimensións de produtos mecanizados.	Elaboración de patróns para pezas curvas pertencentes a cadeiras, cornixas, escaleiras, torneados.		
	Moldurado de pezas curvas mediante patróns ou coa axuda do		



	rodamento tope.		
Realización de operacións de montaxe: Selección de materiais, ferramentas e útiles. Montaxe de conxuntos e subconxuntos. Operacións de verificación de características e dimensións dos conxuntos e subconxuntos.	Realizar o montaxe de conxuntos e subconxuntos. Encolado de portas, bastidores, módulos, etc, nos que poida determinar en bacío e unha vez encolado: escuadros, empenos, diagonais, planitude, etc. Preparación dos útiles necesarios: colas, prensas, sarxentos, etc. Prensado dos conxuntos da forma máis adecuada ata lograr o resultado requirido.	Taller de montaxe	60 h
Realización de operacións de acabado: Comprobación e adaptación das superficies. Elección e mezclas de produtos. Selección de útiles e equipos de aplicación. Control do proceso. Operacións de verificación de características superficiais. Verificación do secado-curado.	Acoitelado, calibrado, lixado (á man ou con lixadoras portátiles) ata obter unha superficie apropiada para proceder ó acabado definitivo. Elección e aplicación de protectores da madeira (se fose o caso), tinguiduras, fondos ou tapaporos, lacas ou vernices, utilizando diversos medios, brocha, rodeillo, pistola, airless...	Taller de acabado.	60 h.

10 Plan individualizado

Representar e caracterizar o espazo para o que se realizará a fabricación de carpintería e moblaxe, e efectuar a toma de datos necesaria.

- Definir solucións constructivas a problemas de carpintería e moblaxe.
- Definir e elaborar a documentación técnica (planos, memorias, especificacións e orzamentos) que se precise para a fabricación á medida de carpintería e moblaxe, e resolver os problemas construtivos.
- Interpretar e realizar os planos de montaxe e conxuntos (elaborar as listas de despezamento) utilizados na fabricación de carpintería e moblaxe.
- Realizar a medición, a marcaxe e o trazado de pezas para o seu mecanizado e a súa montaxe, utilizando con destreza ós instrumentos axeitados.
- Realizar as operacións necesarias para a preparación e a posta a punto das principais máquinas, os equipamentos e as ferramentas (serras, cepilladoras, regrosadoras, fresadoras-tupí, CNC, prensas e lixadoras), para a fabricación de carpintería e moblaxe.
- Realizar o mecanizado (serrar, cepillar e tradear) mediante máquinas básicas de taller, co fin de obter pezas de características definidas.

- Realizar o mecanizado en máquinas de control numérico controla o proceso. co fin de obter pezas de características definidas
- Realizar as operacións de mantemento das principais máquinas, os equipamentos e as ferramentas (serras, cepilladoras, regrosadoras, fresadoras-tupí, Control numérico, prensas e lixadoras).
- Realizar a montaxe de pezas mediante o emprego de máquinas, útiles e ferramentas de taller, co fin de obter subconxuntos e conxuntos en carpintaría e moblaxe.
- Realizar a montaxe, a ensamblaxe e o colado de conxuntos con ferramentas e útiles manuais.
- Manexar destramente as máquinas ferramentas portátiles ou de taller, en condicións de seguridade, co fin de obter pezas con características definidas.
- Preparar as superficies para o acabado.
- Preparar e aplicar os produtos empregados para os acabamentos de carpintaría e moblaxe, coa calidade requirida.
- Realizar a preparación das superficies para o acabado final.
- Realizar a instalación, o axuste, a fixación e a colocación de ferraxes.
- Valorar os riscos derivados das operacións de mecanizado e acabado, co fin de adoptar as medidas preventivas necesarias.

11 Criterios de avaliación

Este período de FCT forma parte do currículo formativo do alumnado que está a acadar o seu título de Técnico en Carpintaría e moble, sendo deste modo obrigatoria a súa asistencia e necesaria a avaliación positiva para obter a titulación correspondente.

A avaliación do módulo da FCT ten por obxecto determinar a competencia profesional.

O instrumento de seguimento e avaliación do módulo de FCT será a carpeta de seguimento e avaliación da FCT. É obrigatoria na xestión da formación en centros de traballo, ten carácter individual e deberá cubrirse ao longo do desenvolvemento da FCT.

Incluirá os seguintes documentos: identificación da carpeta, plan individualizado, follas semanais para o seguimento das actividades e a validación do contido da carpeta pola secretaría do centro.

O alumnado reflectirá nas follas semanais de seguimento as tarefas que desenvolva na empresa, que serán supervisadas polo profesor-titor ou a profesora-titora durante a xornada quincenal destinada á acción tutorial no centro educativo, á que asistirá o alumnado que estea durante ese período realizando a FCT.

Na avaliación deste módulo de FCT colaborará a persoa responsable designada por cada centro de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estada nel. Esta colaboración na avaliación expresarase indicando no plan individualizado as capacidades adquiridas ou non no centro de traballo. Se a FCT tivese lugar en varias empresas, solicitarase un plan individualizado por cada unha delas.

Unha vez rematado o período previsto para o desenvolvemento da FCT, a secretaría do centro formalizará a dilixencia de pechamento para validar a documentación de que consta a carpeta de seguimento e avaliación de FCT do alumno ou da alumna, a quen posteriormente lla entregará.

Correspóndelle ao Servizo de Inspección Educativa o seguimento e a avaliación dos plans individualizados de FCT coa folla semanal de seguimento, así como a análise dos resultados obtidos no desenvolvemento da FCT en cada un dos ciclos formativos de cada centro educativo.

Unha vez realizado o módulo de FCT celebrarase a avaliación final correspondente.

A cualificación do módulo de FCT expresarase nos termos de apto ou apta, ou non apto ou non apta. No caso de que o alumno ou a alumna obtengan a cualificación de non apto ou non apta, deberán matricularse e realizar o módulo de FCT de novo.

A superación de todos os módulos profesionais cursados no centro docente, incluído o de FCT, será requisito indispensable para a obtención do correspondente título académico.

O proceso avaliativo deste módulo será continuado, desenvolvéndose ao longo de todo o período de formación.

A avaliación deste módulo a fará o titor ou titora designado no centro de traballo, concretándose esta nun informe avaliativo sobre o alumnado en prácticas. O profesor-titor participará na avaliación facendo un seguimento co titor da empresa ao longo do período de FCT.

Dado que o módulo ten unha duración de 410 horas, o número máximo de faltas de asistencia (xustificadas ou non) permitido para ter dereito á avaliación continua será de 5 (40 sesións). A perda deste dereito supón que haberá que realizar unha nova FCT nunha segunda convocatoria.

11.1. Instrumentos

Follas de actividades da FCT.

Plan individualizado FCT.

Visitas de seguimento ás empresas.

Titorías quincenais no centro académico: serven para observar e facer un seguimento da práctica.

11.2. Criterios de cualificación e promoción

A cualificación do alumnado será **favorable** ou **non favorable**. De non obter o **favorable** nun dos trimestres de prácticas, o alumno/a deberá repetir este módulo. Neste caso, determinarase se deberá realizar o módulo na mesma ou diferente empresa. Poderán ser motivos de exclusión dun convenio específico de colaboración con centros de traballo a decisión unilateral ou conxunta das partes polos seguintes motivos:

- Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade. O número de faltas de asistencia non poderá ser superior ao 10% das horas de duración do módulo.
- Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa.
- Por falta de aproveitamento por parte do alumnado.

A exclusión do convenio motivaría a cualificación de **non favorable** neste módulo. Así mesmo, tamén é imprescindible para superar o módulo o axeitado cumprimento das normas anteriormente mencionadas no apartado 7, referido os criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos.

11.3. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Representar e caracterizar o espazo en que se realizará a instalación de carpintería e moblaxe, e efectuar a toma de datos necesaria.
 - a) Elabóranse os esbozos coa compilación dos datos necesarios: dimensións interiores de paramentos, ocós, pires, aparellos ou elementos para integra na instalación, ángulos, curvaturas, situacións dos elementos da instalación, cor das paredes, madeiras da carpintería existente, etc.
 - b) Interpretáanse os planos en escala dun local onde se debe instalar moblaxe ou elementos de carpintería; tomanse as dimensións, os ángulos, a curvatura das paredes (con patróns) e demais espazos delimitadores para a carpintería e a moblaxe que se vai instalar.
2. Definir solucións constructivas a problemas de instalación de carpintería e moblaxe.
 - a) Realízanse os esbozos que conxuguen adecuadamente os requisitos de partida e que definan as posibles solucións constructivas problema de instalación.
3. Definir e elaborar a documentación técnica (planos, memorias, especificacións e orzamentos) que se precise para a fabricación á medida de carpintería e moblaxe, e resolver os problemas construtivos.
 - a) Realízanse a escala os planos de moblaxe e da carpintería (conxunto, vistas, despezaementos e detalles) necesarios para levar a cabo a construción e instalación.
 - b) Elabóranse de memorias.
 - c) Elabóranse os orzamentos.
4. Interpretar e realizar os planos de montaxe e conxuntos (elaborar as listas de despezaemento) utilizados na fabricación de carpintería e moblaxe.
 - a) Dedúcense as formas e as características dimensionais do conxunto, partindo de planos e esbozos de pezas e elementos.
 - b) Dedúcense o tipo de composición e de construción que se vaia realizar.
 - c) Realízase a representación gráfica (perspectivas, vistas, seccións e detalles) empregada na fabricación.
5. Realizar a medición, a marcaxe e o trazado de pezas para o seu mecanizado e a súa montaxe, utilizando con destreza ós instrumentos axeitados.
 - a) Elabóranse os patróns e as listas de despezaemento e marcaxe das pezas para a súa posterior elaboración e o seu mecanizado.
6. Realizar as operacións necesarias para a preparación e a posta a punto das principais máquinas, os equipamentos e as ferramentas (serras, cepilladoras, regrosadoras, fresadoras-tupí, trdes, prensas e lixadoras), para a fabricación de carpintería e moblaxe.

- a) Analízase o estado das máquinas e das ferramentas de corte, a súa preparación (desbastado, asentado e afiado), a colocación dos útiles de corte nas máquinas e o seu axuste, e compróbanse as parámetros das máquinas e as operacións de mantemento (limpeza, engraxado e cambio ou tensado das correas e cadeas, etc).
7. Realizar o mecanizado (serrar, cepillar e tradear) mediante máquinas básicas de taller, co fin de obter pezas de características definidas.
- a) Realízase o mecanizado dos elementos das listas de depeçamento.
8. Realizar a montaxe de pezas mediante o emprego de máquinas, útiles e ferramentas de taller, co fin de obter subconxuntos e conxuntos en carpintería e moblaxe.
- a) Prepáranse os elementos, as pezas, as colas e os útiles para empregar, e aplícase o adhesivo sobre as pezas ou as partes que cumpra colar, mediante procedemento manual ou mecánico, tendo en conta as características do adhesivo, o grosos e a uniformidade da capa, e o tempo de endurecido.
- b) Realízanse operacións de prensado das pezas, considerando a posición destas ou o conxunto na prensa, a presión, o tempo, as proteccións, as precaucións, as medidas e as escuadras.
9. Realizar a montaxe, a ensamblaxe e o colado de conxuntos con ferramentas e útiles manuais.
- a) Instálanse conxuntos (mobles, portas, marcos, etc) aplicando ensamblaxes e colados.
10. Manexar destramente as máquinas ferramentas portátiles uo de taller, en condicións de seguridade, co fin de obter pezas con características definidas.
- a) Realízanse asentamentos de portas, rebaixas para porlóns e pechaduras; repásanse e contómanse plastificados, cávanse molduras, etc.
11. Preparar as superficies para o acabamento.
- a) Selecciónanse e prepáranse as máquinas e os útiles necesarios e adecuados para realizar a preparación das superficies. O acoitelamento, o lixado, etc.
12. Preparar e aplicar os produtos empregados para os acabamentos en instalacións de carpintería e moblaxe, coa calidade requerida.
- a) Aplícanse produtos de acabamento (protectores, tinturas, tapaporos, fondos, lacas, bañadores, etc.), utilizando os medios de aplicación adecuados (brocha, boneca, pistolas, etc.)
13. Realizar a preparación de superficies, o axuste, a fixación e a colocación de ferraxes.
- a) Prepáranse as superficies (lixado, masillado, limpeza, etc.) para a aplicación dos produtos de acabamento, para conseguir as características idóneas.
14. Realizar a instalación, o axuste, a fixación e a colocación de ferraxes.
- a) Aplícanse produtos de acabamento (protectores, tinturas, tapaporos, fondos, lacas, bañadores, etc.), utilizando os medios de aplicación adecuados (brocha, boneca, pistolas, etc.)
15. Valorar os riscos derivados das operacións de mecanizado, instalación e acabamento, co fin de adoptar as medidas preventivas necesarias.
- a) Valoráanse os riscos, o nivel de perigosidade e os accidentes en relación coas causas que os producen (operacións con máquinas, transporte, operacións manuais, toxicidade dos produtos, etc.).
- b) Valoráanse os riscos e o nivel de perigosidade que supón a manipulación dos materiais, os produtos, as máquinas, as ferramentas e os equipamentos.

12 Alumnado

O alumnado que realizará a FCT neste período é:

Alumno: Manuel Abeijón Moledo

Empresa: Carpintería Laiño

Alumno: Gabriel González Iglesias

Empresa: Freiter

Alumno: Julio Cesar Lorenzo Fernández

Empresa: Maderas Alvarez Raña

Alumno: Alejandro Menduiña Dopazo

Empresa: Carpintería Parada

Alumno: Rubén Rodríguez Suárez

Empresa: Carpintería Hnos. Mariño Cores

13 Normas específicas para o alumnado

Puntualidade rigorosa.

Dado que o módulo ten unha duración de 410 horas, o número máximo de faltas de asistencia (xustificadas ou non) permitido para ter dereito á avaliación continua será de 5 días (40 sesións).

A perda do dereito a avaliación continua supón que haberá que realizar unha nova FCT unha segunda convocatoria.

O alumnado poderá ser excluído da FCT, nos seguintes casos:

- Polas faltas de asistencia.
- Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento

Haberá que xustificar documentalmente as ausencias producidas por:

- Enfermidade/hospitalización (propia ou dun familiar próximo).
- Por traslado de domicilio.
- Para presentarse a un exame final.
- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou privado.

En caso de xurdir algún problema notifícalo á titora do centro académico e ao titor/a do centro de traballo.

Emprego das medidas de seguridade, tanto colectivas como individuais, Epis, zapato de seguridade.

Emprego de roupa de traballo (bata).

Recoller nun caderno as indicacións e ordes do titor da empresa sobre os traballos realizados.

Levar sempre o DNI.

Non empregar o móbil durante a xornada laboral.

A información manexada tanto nos centros de traballo como nas reunións no centro educativo ten carácter confidencial.

14 Póliza de seguro

Para o período da FCT o alumnado, aparte do seguro escolar, a consellería de Educación ten contratada unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil.

En caso de accidente, o alumno, debe de acudir a calquera centro, público ou privado, para ser atendido das súas lesións, solicitará un informe médico coas indicacións sobre as lesións e rellenará o parte de accidentes que sera remitido a titora ou ao coordinador da FCT do CIFP.

Terá que avisar do accidente, o antes posible, a titora.

15 Posta a disposición do alumnado da documentación precisa

Na reunión previa a FCT, a titora, entrega unha carpeta, ao alumnado, coa seguinte documentación:

Información para o desenvolvemento da FCT. Calendario de visitas quincelanis o CIFP

Normas para a realización da FCT.

Copias das follas de actividades.

Copia da póliza de seguro.

Certificado de Prevención de Riscos Laborais.

Se fose necesario chegar outra documentación, fora das reunións quincenais, farase por correo electrónico.

Os comunicados faranse por correo electrónico ou mensaxe ao móbil.